

Assemblea
General 2024

Asamblea
General 2024

2024ko Batzar
Nagusia

Asemblea
Xeral 2024

Retorno Plan de Acción 2023

Índice

- 1.** Plan estratéxico vixente
- 2.** Obxectivos transversais 2023
 - a.** Promover a eficiencia e o benestar no si do Equipo Técnico
 - b.** Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética
 - c.** Gañar máis autonomía dentro do mercado eléctrico
 - d.** Mellorar e ampliar a carteira de servizos
- 3.** Outros obxectivos por priorizar

Índice

- 1. Plan estratéxico vixente**
- 2. Obxectivos transversais 2023**
 - a.** Promover a eficiencia e o benestar no si do Equipo Técnico
 - b.** Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética
 - c.** Gañar máis autonomía dentro do mercado eléctrico
 - d.** Mellorar e ampliar a carteira de servizos
- 3. Outros obxectivos por priorizar**

1. Plan estratéxico vixente

Obxectivos estratéxicos ata 2023:

- **Promover a eficiencia e o benestar no si do Equipo Técnico**
- **Aumentar o número de persoas** que participan na transformación enerxética
- **Gañar máis autonomía** dentro do mercado eléctrico
- **Mellorar e ampliar a carteira de servizos**

Índice

1. Plan estratéxico vixente
2. **Obxectivos transversais 2023**
 - a. Promover a eficiencia e o benestar no si do Equipo Técnico
 - b. Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética
 - c. Gañar máis autonomía dentro do mercado eléctrico
 - d. Mellorar e ampliar a carteira de servizos
3. Outros obxectivos por priorizar

2. Obxectivos transversais 2023

Promover a eficiencia e o benestar no si do Equipo Técnico	
Organización do Equipo Técnico	Continuamos o traballo para conseguir que o Equipo Técnico sexa cada vez máis horizontal, autoxestionado, áxil e sensible á perspectiva de xénero. Para isto, creamos unha co-coordinación xeral, que representa unha nova experiencia de liderado desde o acompañamento á autoxestión.
Plan de comunicación	Concluímos a centralización de todas as estratexias específicas.
SAGE	Implantamos o programa de xestión contable, que permitirá mellorar a axilidade e a análise de custos dos distintos equipos e proxectos.
Estudo das figuras da socia de traballo e socia colaboradora	Constituímos dúas comisións de traballo para formular unha proposta de implementación destas dúas figuras e decidir se as levamos a votación na Asemblea Xeral.

2. Obxectivos transversais 2023

Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética

Som Comunitats (proxecto Singulares)

- Desenvolvemos, pomos en marcha e xestionamos a plataforma [Som Comunitats](#) de impulso e apoio ás Comunidades Enerxéticas.
- **Atendemos os requirimentos** das iniciativas pioneiras de Comunidades Enerxéticas e **identificamos novos servizos** que teriamos que desenvolver para responder a estas necesidades.
- **Elaboramos acordos estratéxicos** para situar as Comunidades Enerxéticas como un instrumento decisivo para a transformación do modelo enerxético e social.
- Impulsamos a creación dunha **rede de Comunidades Enerxéticas en Cataluña**
- Comezamos a forxar alianzas para **replicar o modelo fóra de Cataluña**

2. Obxectivos transversais 2023

Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética

Grande Conversa

Proceso deliberativo baseado na metodoloxía das asembleas cidadás, co obxectivo de establecer un marco estratéxico xeral para a cooperativa a medio e longo prazo (ano 2030). Este proceso, no que se involucraron todos os actores da cooperativa, levouse a cabo por fases. Primeiro, o Consello Reitor e o Equipo Técnico definiron un marco de traballo. Logo, os Grupos Locais e a Intervención de Contas validaron e complementaron ese marco. Finalmente, escollemos aleatoriamente 30 socias representativas da diversidade actual da cooperativa para que deliberasen durante tres fins de semana no marco do Espazo Deliberativo. Como resultado do proceso, xeráronse recomendacións que establecen un marco para priorizar as futuras accións da cooperativa. Tamén se consultou a opinión da base societaria.

2. Obxectivos transversais 2023

Gañar máis autonomía dentro do mercado eléctrico

Proxectos de flexibilidade

- No eido da flexibilidade doméstica, completamos o proxecto europeo de innovación RescoopVPP.Co dispositivo intelixente [Cofybox](#), conseguimos desprazar automaticamente o consumo a horas máis económicas nas casas de 25 socias, optimizando así o autoconsumo.
- Probamos novos xeitos de identificar os momentos máis e menos idóneos para consumir electricidade, como o detector [Firefly](#).
- No eido da **flexibilidade industrial**, iniciamos proxectos piloto con grupos cooperativos do sector agrario.
- Identificamos novos servizos potenciais e buscamos alianzas para converternos en **agregadores de demanda**

Diversificar o subministro

- No mercado diario xa non operamos mediante un intermediario, senón de maneira autónoma.
- Incrementamos o número de actores cos que podemos operar no mercado a futuros e negociar coberturas.
- Demos pasos para xestionar bilaterais físicos.

2. Obxectivos transversais 2023

Mellorar e ampliar a carteira de servizos	
Tarifa indexada	Nova tarifa dispoñible desde xullo.
Flux Solar	Posta en andamento do Flux Solar , que permite obter un desconto no caso de que existan excedentes de autoprodución que non se puideran compensar na factura.
Xeración urbana (GURB)	Proba piloto en Mataró. Busca de cubertas para o novo servizo GURB. Actualmente temos 15 cubertas en fase de estudo
Generation kWh	Traballamos varias cuestións técnicas para mellorar a xestión interna. Reapertura do Generation kWh
Representación no mercado	En 2023, o novo servizo de representación de produtores representou 184 instalacións de produción renovable.

2. Obxectivos transversais 2023

Mellorar e ampliar a carteira de servizos	
Plant Monitor	Sistema propio de monitorización que permite optimizar a produción das nosas plantas de xeración renovable. A partir dos datos da planta podemos realizar unha análise cos nosos propios indicadores e detectar de forma áxil posibles avarías mediante alertas, reducindo ao máximo a duración das incidencias.
Som Serveis (proxecto Singulares)	Este proxecto ten como obxectivo probar a comercialización conxunta en entidades e empresas conxuntamente con Som Mobilitat e Som Connexió.
Autoconsumo virtual dinámico (AuVIDI)	<p>É un servizo destinado ás propietarias dunha planta de xeración que queiran repartirse a enerxía entre elas pero que non se poidan acoller a ningunha modalidade de autoconsumo.</p> <p>O reparto da enerxía faise por horas, e haberá a posibilidade de facelo en función de canto se xere.</p> <p>Som Energia ofreceralles o servizo de representación e comercialización.</p>

Índice

1. Plan estratéxico vixente
2. Obxectivos transversais 2023
 - a. Promover a eficiencia e o benestar no si do Equipo Técnico
 - b. Aumentar o número de persoas que participan na transformación enerxética
 - c. Gañar máis autonomía dentro do mercado eléctrico
 - d. Mellorar e ampliar a carteira de servizos
3. **Outros obxectivos por priorizar**

3. Outros obxectivos por priorizar

Accións de lobby

Mudanzas normativas CNMC

Participamos activamente nas reunións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o que nos permitiu ter incidencia na normativa enerxética. Puidemos debater e formular propostas en favor das usuarias e da axilización de procesos e trámites.

Protocolo de incidencia política

Elaboramos un protocolo para xestionar iniciativas e accións de lobby. Este protocolo tamén ten que servir para recopilar presentacións, artigos, reunións e outras actividades nas que participara Som Energia; unificar as mensaxes que enviamos, rexistrar os actores sobre os que queremos incidir e os aliados cos que contamos para facelo.

3. Outros obxectivos por priorizar

Accións de lobby

Outras accións de lobby

- Preséntanse alegacións ao proxecto de «Circular pola que se establece a metodoloxía e condicións de acceso e de conexión ás redes de transporte e distribución das instalacións de produción de enerxía eléctrica»
- Preséntanse alegacións a proposta de «Resolución pola que se aproban novos formatos de intercambio de información entre distribuidores y comercializadores do sector eléctrico e se revisan outros formatos»
- Preséntanse alegacións ao «Proxecto de real decreto polo que se regula a produción de enerxía eléctrica en instalacións situadas no mar»
- Estamos traballando, xunto con Goiener, nas emendas ao «Proxecto de Lei pola que se regulan os servizos de atención á clientela» que se trasladarán a varios deputados para que as presenten na fase de emendas parlamentarias.

3. Outros obxectivos por priorizar

Novidades comunicativas

Igualdade

Estreamos o [apartado web sobre igualdade](#), onde se resumen as prácticas e medidas da cooperativa neste eido, e onde se pode consultar a documentación asociada (como guías e protocolos).

Publicamos o noso **Protocolo para a prevención, detección, abordaxe, seguimento e reparación do acoso sexual, por razón de sexo e diversidade sexual**, que se aplica a todas as persoas que teñan algunha vinculación con Som Enerxía.

Moltes gràcies!

Moitas grazas!

Eskerrik asko!

Moitas grazas!